



Prego das prescricións técnicas que rexen na contratación de catro vehículos todoterreo, tipo pick-up para o Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña

1ª. OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto deste prego é describi-las especificacións técnicas, mínimas, que deben cumprir os catro vehículos todoterreo, tipo pick-up, destinados a labores de mando e control para prestar servizo no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.

2ª. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS.

1. Chasis:

- Estará especialmente deseñado para a súa utilización en estrada e camiños.
- Non serán admisibles aquelas adaptacións convencionais que non estean homologadas e garantidas polo constructor do chasis.
- Non serán admitidos aqueles chasis que sufrisen modificacións sen ser homologados e garantidos pola firma constructora.
- O conxunto estará calculado e dimensionado para poder transporta-las cargas máximas fixadas polo fabricante, sen sobrepasar, en ningún momento, os coeficientes de traballo admisibles do material.
- Terá unha altura libre, mínima, de 220 mm.
- Altura Total, máxima, de 2.000 mm.
- Ancho Total, máximo, de 1.850 mm.
- Lonxitude da zona de carga, máximo, de 1.600 mm.
- Ángulo de ataque de, al menos 25º.
- Ángulo de saída, como máximo, 25º.
- M.M.A., mínimo, de 2.500 Kg.
- Distancia entre eixes, mínimo, de 3.000 mm.
- Disporá de Cabrestante eléctrico, con guía de rodillos, motor 4,1 h.p., para 3.620 Kg de capacidade de arrastre, cable de 30 metros, mando a distancia por cable 30 mts, caixa de relés separada, 24 vol. Con freno e embrague. De 12v., controles iluminados, sistema engranaje por planetarios, freno de carga automático e bobina libre.

2. Motor:

- Será diesel, de inyección directa. Coas seguintes prestacións mínimas:
 - o Cilindrada mínima, 2. 000 cm³
 - o Par máximo 450 Nm entre 2.000 y 3.000 rpm.
 - o Potencia mínima, 170 c.v.
 - o Catro cilindros, en línea.
- Non serán admisibles aqueles motores que sufrisen cambios ou modificacións para aumentar a súa potencia, se non foron homologados e garantidos simultaneamente polos constructores do motor e do chasis.
- Deberá de cumprir toda disposición legal comunitaria, nacional e autonómica, si houberse, que poida afectar a este punto incluídas as disposicións legais sobre a protección do medio ambiente.

3. Caixa de cambios:

- A caixa de cambios disporá de seis velocidades e marcha atrás.



4. Freos:

- A unidade será de dobre circuíto, discos ventilados nas rodas dianteiras e tambores nas rodas traseiras.
- ABS con distribuidor electrónico da freada (EBD).

5. Suspensión:

- No eixe dianteiro: Independente, amortecedores dobres concéntricos.
- No eixe traseiro: Eixe ríxido con béstas.

6. Dirección:

- O vehículo disporá de dirección asistida.

7. Rodas:

- Terán lamias de aliaxe lixeira de, como mínimo, 16".

8. Dimensións:

- As dimensións mínimas do vehículo serán aquelas que permitan dispoñer dun habitáculo, mínimo, de cinco prazas de orixe e de catro portas.
- O vehículo responderá ao modelo "todoterreo tipo pick-up".

10. Iluminación:

- Os aparellos de iluminación serán os especificados polo Código de Circulación vixente para este tipo de vehículos.
- Debe vir provisto de faros antinéboas.
- Disporá, no teito, dunha ponte de perfil plano en leds azules ou ámbar (a determinar polo Consorcio no seu momento) de 111 cm. de 70 leds, cableado de manguera, fixacións a teito, de 12 V e segundo a configuración seguinte:
 - **50 leds azules/ámbar de destello multiple.**
 - **2 niveles de luz, con lente transparente inferior y azul/ámbar superior.**
 - **2 focos de traballo alóxeno branco, un lateral dereito e esquerdo, en nivel inferior.**
 - **2 focos de traballo dianteiros en nivel inferior.**
 - **Flecha direccional traseira de leds en cor ámbar/azul.**
 - **Altavoz de 100w. integrado na parte central da ponte.**
 - **Luz de cruceiro en toda a ponte.**
 - **Fixacións permanentes a teito.**
 - **Dimensións.: 111 cm Largo x 8 cm. de alto.**

Características:

- **leds de tecnoloxía e fabricación osram ou similar.**
 - **luminosidade de 360º.**
 - **baixo perfil e aerodinámico.**
 - **intensidade de destello en alta e baixa intensidade**
 - **luz de cruceiro en todo o perímetro.**
 - **5 patróns de destello a cambiar.**
 - **grado estanqueidade ip67**
 - **homologación ece-r65.-**
 - **garantía, mínima, de 3 anos.**
-
- Asimismo, disporá dun amplificador de 100w. con botonera multifunción, con 5 tipos de sonido, megafonía e control de volume, cableado 12v., con caixa de control para 1 ó 2 altavoces de 100w.



- Botonera retroiluminada, con roxo a verde cando estea funcionando.
- Caixa de control con relés de protección e detetor de fallos.
- Caixa de control con compatibilidade de 2 altavoces de 100w.
- Teclas de sirea con axustes intercambiáveis.
- Teclado de accionamento para flecha direccional.
- Micrófono incorporado.
- Mando remoto.
- 4 lámparas estroboscópicas de montaxe empotrado. 2 para ópticas dianteiras e 2 para pilotos traseiros. Destello de cor transparente. Composición de gas – xenon. Para traballar con unha tensión de 12v. e unha potencia de 35w. As súas dimensións serán de 30 x 31 x 58 mm.
- 1 fonte de alimentación de 4 saídas para conexión de 4 lámparas estroboscópicas de 35w. e destellos cuadruples. Resistentes a choiva e para traballar con unha bitensión de 12/24v.

11. Depósito de combustible:

- A unidade estará dotada de un depósito de combustible cunha capacidade total non inferior os 75 litros.

12. Pintura:

- A cor da pintura será vermello vivo B-203.
- O acabado ten que ser metalizado.
- Non será admisible a presenza de descolgados, punteados, velados, etc., no aporte final da pintura.
- A pintura será resistente á intemperie, aceites, gasolinas, deterxentes, etc.

13. Equipamento opcional, mínimo, do vehículo:

- Regulador con control de velocidade.
- Retrovisores exteriores abatibles electricamente e calefactables.
- Estriberras laterais.
- A lo menos os dous eleva lúas dianteiros serán eléctricos.
- Ordeador de viaxe.
- A lo menos 4 Tomas auxiliares de corrente de 12V.
- Airbags frontais, laterais e de cortina.
- Equipo de son.
- Sistema Bluetooth para teléfonos móbiles.
- Asiento do conductor regulable en altura.
- Climatización automática dual.
- Peche centralizado.
- Enganche de remolque.
- Cuberta blanda para a zona de carga, dende o teito de dobre cabina ata o portón traseiro da zona de carga.
- Serie de guías instaladas na plataforma de carga, a parede frontal e as paredes laterais sobre as que se desprazan unhas ancoraxes para fixar calquera tipo de carga.
- Outro equipamento:
 - o pinzas de acendido de emerxencia.
 - o un xogo de lámpadas e fusibles.
 - o dous triángulos pregables de sinal de perigo homologados.
 - o dous chalecos homologados.
 - o un botiquín de primeiros auxilios debidamente equipado.
- Deberá dispor de instalación para Emisora de comunicacións móbiles como as usadas polo Consorcio Provincial, ademais da preinstalación dunha antena.



Tódalas ofertas deberán especificar a calidade, características e contido do sinalado neste apartado.

Tódalas ofertas ou proposicións deberán acompañarse dun esbozo no que se especifiquen claramente as medidas do vehículo así como unha descrición pormenorizada das características do mesmo. Poderán así mesmo figurar plans de mantemento, planos ou fotografías que acompañen a dita descrición.

14. Prazo de garantía mínimo:

Dous (2) anos desde a recepción dos vehículos
